



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcadesa con data trinta de maio de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 179 / 2016

Data decreto: 30/05/2016

Descrición decreto: Convocatoria e aprobación de bases condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a necesidade urxente e inaplazable para o periodo estival de realización de traballos relacionados con condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta e apoio nas tarefas doutros servizos municipais (limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos, alcantarillado, etc.)

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando informe de secretaria intervención de data 30/05/2016.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente:

RESOLVO

PRIMEIRO.- Proceder á convocatoria e aprobación das bases para a selección e contratación de persoal laboral temporal de condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta cunha xornada completa, aprobando as bases que a continuación se reproducen.

“BASES QUE REXIRAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE CONDUTOR TRACTORISTA/ PALISTA DE PALA RETROEXCAVADORA OU MIXTA A XORNADA C OMPLETA, POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN”.

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso oposición, dun condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta. As funcións a desenvolver serán as propias de tractorista (manexo dun tractor para roce e limpeza de marxes, labores de desbroce nas vías municipais e espazos públicos), palista de pala retroexcavadora ou mixta e tarefas de apoio noutros servizos municipais (limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos, alcantarillado, etc.)

Esta contratación será a xornada completa, baixo a modalidade contractual de contrato eventual por circunstancias da produción. A duración do contrato terá unha duración máxima previsible de tres meses (dende o 1 de xullo de 2016 e ata 30 de setembro de 2016).

As retribucións mensuais brutas serán de 1.126,59 € ao mes, estando a paga extra xa prorrateada. O grupo de cotización á seguridade social será o 8.

A xornada laboral será fixada pola Alcaldía en atención ás funcións a desenvolver sen sobrepasar os límites establecidos na lexislación laboral vixente.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto , os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contem'pladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Etsados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españois e dos nacionais doutros Estados memebros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e os seus descendentes e os do seu conxúge sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.


.- O acceso o emprego público como persoal funcionario, extenderáse igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de trballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os extranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores , así como os extranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as suas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.



b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas . Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para oexercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral , no que houbera sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

A) Estar en posesión dos permisos de circulación clase B e C.

B) Requisitos específicos de formación:

- Certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio-entrevista na data fixada polo Tribunal:


Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio.

Será correxido e farase proposta de aptitude pola normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión polo Tribunal, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamento de puntuacións finais e proposta do/a candidato/a.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso-Oposición

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello, do Servizo Público de Emprego e na páxina web do concello.

Cada aspirante terá como data límite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello para a participación neste proceso selectivo 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación das bases de selección na páxina web do Concello de Boimorto, solicitude de



instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo II dirixida ao Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de:

.-Fotocopia compulsada do DNI.

.- Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.

.- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases:

- Copia cotexada dos permisos de conducción B e C.

.- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Experiencia profesional mediante contratos de traballo e informe de vida laboral actualizado sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.

- Cursos de formación mediante copia compulsada do correspondente título ou diploma.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando de dous días hábiles aos excluídos, no seu caso, para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á valoración dos méritos do/a aspirante admitido/a.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Comisión Seleccionadora e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso

Estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: O Encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto (D. Luis González Guerra)

Suplente presidente: A Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto (D^a M^a Teresa Gómez Cea)

Vogaís:

1º vogal: A


Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto (D^a Ana M^a Vallo Camba)

Suplente 1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques (D^a Mónica Seijas Rey)

2º vogal: O Encargado de servizos do Concello de Boimorto (D. Manuel Vázquez García)

Suplente 2º vogal: O Conductor do camión do Concello de Boimorto (D. Luis Sánchez Aguión)

Secretaria: a do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.



A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso, en todo caso, a asistencia do Presidente e do Secretario.
Para a realización da fase de oposición, a Comisión seleccionadora poderá asistirse dos asesores que considere adecuados.

A cualificación dos méritos para o concurso oposición realizarase pola Comisión seleccionadora, axustándose aos criterios que establece o Anexo I destas Bases , que publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida. Tras a valoración da Comisión esta elevará a Alcaldesa a correspondente proposta de contratación a favor dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación total .

En caso de empate darase preferencia ao que teña maior experiencia, no caso de seguir o empate o que teña maior puntuación na fase de oposición e de persistir o que teña maior formación. De persistir desfariase o empate por sorteo ante a Comisión Seleccionadora.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non poidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total , permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 5 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez finalizada a contratación.

Quinta.- Formalización e duración do contrato

O contrato formalizarase a requerimento da Administración, acreditando a presentación polo aspirante de:

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

A duración estimada para o posto de traballo é de tres meses.

Sexta.- Incidencias


A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Sétima.-Dereito supletorio

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

Oitava.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso oposición praza de condutor tractorista/palista

FASE CONCURSO:

- Por ter **experiencia profesional** debidamente acreditada en postos cuxas tarefas e funcións teñan unha natureza igual ás propias da praza á que se opta (puntuación máxima 3 puntos)

Por cada mes traballado 0,25 puntos/mes. O cómputo realizarase por meses enteiros non computado períodos menores a trinta días. Este mérito acreditarase mediante contratos de traballo e informe de vida laboral actualizado sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.

- **Formación** (puntuación máxima 3 puntos)

- Curso de Prevención de riscos laborais: 0,10 puntos por cada 10 horas de formación ata un máximo de 0,50 puntos

- Curso de Movemento de terras: 0,10 puntos por cada 10 horas de formación ata un máximo de 0,50 puntos

- Outros cursos relacionados co posto (ata un máximo de 2 puntos):

- De 15 ou máis horas, 0,20 puntos

- De 25 ou máis horas, 0,35 puntos

- De 35 ou máis horas, 0,50 puntos

- De 50 ou máis horas, 0,65 puntos.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

FASE OPOSICIÓN:

Consistirá na realización dunha proba práctica, **obligatoria e eliminatoria**, na que os aspirantes mostrarán a súa aptitude e capacitación no manexo, tanto do tractor como da pala retroexcavadora ou mixta.

Dita proba será puntuada de cero a dez puntos, quedando eliminados todos aqueles opositores que non obteñan como mínimo cinco puntos. Motivando a puntuación da seguinte forma:

- Por axilidade e destreza no manexo do tractor: 6 puntos.

- Por axilidade e destreza no manexo da pala retroexcavadora ou mixta: 4 puntos.

Durante a realización da proba práctica a Comisión seleccionadora poderá formular as preguntas que considere oportunas, para unha mellora valoración das capacidades do aspirante.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.....,con DNI
número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación
en.....CP.....localidade.....
..telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección de condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta a xornada completa como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade

•

•

•

•

• (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Facer público aos efectos oportunos no taboleiro de anuncios do Concello, do Servizo Público de Emprego de Melide e na páxina web do Concello o anuncio indicativo deste procedemento de selección.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto trinta de maio de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 6 de xuño de 2016

Vº Pr.
A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez



